



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEP. SEQUELO

R/ Enrique Turrall, s/n. 36900- **MARÍN**
Tel.: 886 151 325.
E-mail: cep.sequelo.marin@edu.xunta.gal
Web: www.edu.xunta.es/centros/cepsequelomarin/

PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO CEP. SEQUELO CURSO 2021-2022



DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 22/02/2022

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLLO ESCOLAR: 22/02/2022

DATA DE ENVÍO Á INSPECCIÓN: 04/03/2022

PLAN DE IGUALDADE DE XENERO

CEP. SEQUELO

Curso 2021-2022

INDICE

1. **Introdución.**
2. **Marco legislativo.**
3. **Análise do contexto do centro:**
 - 3.1. **Enquisa para as familias sobre roles domésticos:**
 - 3.1.1. **Análise das enquisas.**
 - 3.1.2. **Conclusións da enquisa ás familias.**
 - 3.1.3. **Conclusións das respostas do alumnado.**
 - 3.2. **Enquisa ao profesorado.**
4. **Obxectivos do Plan de Igualdade.**
5. **Medidas.**
6. **Actividades.**
7. **Avaliación.**
 - Anexo I: Modelo de carta ás familias.**
 - Anexo II: Modelo de enquisa.**
 - Anexo III: Modelo para a interpretación das enquisas.**
 - Anexo IV: Enlaces ao Album de Mulleres Mestras**
 - Anexo V: Glosario.**
 - Anexo VI: Decálogo para unha análise da literatura infantil e xuvenil.**
 - Anexo VII: Recomendacións de uso dunha linguaxe non sexista.**

Bibliografía e recusos:

- **Maleta Traballando a Igualdade para o alumnado (CFR. de Pontevedra).**
- **Maleta de Igualdade. Recursos para o profesorado (CFR. de Pontevedra).**

1. INTRODUCCIÓN

O DECRETO legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, parte dunha perspectiva de xénero que debe contribuír á **educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes**, para o cal o currículo ten que promover prioritariamente:

- a) **A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos** como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- b) **O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres** no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- c) **A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos**, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- d) **O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes**, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

Así mesmo, o ***I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020***, no eixe 4 aborda a educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva, establecendo ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia na comunidade educativa, elaborando materiais para a abordaxe da educación afectiva e sexual e colaborando cos axentes socioeducativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe da saúde afectivo-sexual.

E no ***VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020***, na área estratéxica 1, dedicada á igualdade na educación e nos valores, establece a necesidade de actuar na promoción de valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero, dado que a "homofobia, a lesbofobia e a transfobia teñen a súa orixe nun sistema machista, que utiliza estas manifestacións de rexeitamento social como un mecanismo para limitar a

diversidade de xéneros e que é moi efectivo para manter que os modelos de “home” e de “muller” se sitúen dentro da “normalidade”, isto é, no socialmente establecido” e no obxectivo específico 1.6, dirixido a promover valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero, con tres medidas concretas:

- O desenvolvemento de accións de visibilización e sensibilización social que fomenten actitudes de respecto e tolerancia á diversidade de orientación sexual, desde a promoción dun cambio cultural e de valores en favor da igualdade de xénero.
- O impulso de espazos de encontro e participación do conxunto da comunidade educativa nos que se promovan valores e actitudes favorecedores da plena inclusión e a normalización das orientacións sexuais e a identidade de xénero.
- O fomento de actitudes de respecto e tolerancia entre a poboación adolescente e xuvenil que favorezan a inclusión das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero.

Por último, o **III Plan Estratégico de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello De Marín (2017-2022)**, recolle os seguintes obxectivos:

- Promover a igualdade entre homes e mulleres, creando un acceso igualitario aos recursos.
- Incluír medidas para que aumente a participación da poboación en todos os ámbitos.
- Facer visibles as prácticas discriminatorias para proceder á súa eliminación.
- Adoptar medidas para eliminar barreiras de discriminación.
- Visibilización das datas máis relevantes en igualdade, o Día Internacional da Muller e o Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

2. MARCO LEGISLATIVO

• **Ámbito estatal**

- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- ▶ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativaLei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

• **Ámbito autonómico**

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de

xénero.

- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

3. ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO: ENQUISAS ÁS FAMILIAS E AO PROFESORADO

3.1. ENQUISA ÁS FAMILIAS SOBRE ROLES DOMÉSTICOS

Co obxecto de establecer as prioridades e os obxectivos á hora de intervir na comunidade educativa para fomentar a igualdade de xénero, cómpre coñecermos a situación familiar en canto as tarefas que se desenvolven nos fogares polas mulleres e polos homes. **O obxectivo principal da enquisa é o de comprobar se hai traballos que habitualmente se asocian ao xénero entre as familias do noso centro e en que proporción, para analizar os prexuizos de xénero que existen e establecer as medidas educativas para erradicalos.**

Para tal fin o colexio elaborou unha enquisa sobre roles domésticos (Anexo 2: MODELO DE ENQUISA SOBRE ROLES DOMÉSTICOS) e enviou unha carta ás familias solicitando a súa colaboración (Anexo 1: MODELO DE CARTA ÁS FAMILIAS), para que nos proporcionasen os datos requeridos para a elaboración do Plan de Igualdade.

Así mesmo, solicitouse aos nenos e ás nenas que explicasen se axudaban na casa en que tarefas colaboraban:

A enquisa dividiuse nos apartados seguintes:

- Ámbito A: Tarefas que se levan a cabo dentro do fogar (limpeza, cociña, organización,..)
- Ámbito B: Tarefas que se levan a cabo fóra do fogar (compras de alimentación, roupa,...).
- Ámbito C: Coidado e educación dos fillos/as (levalos ao colexio e ás actividades extraescolares, axudar coas tarefas escolares, falar co profesorado, levalos ao médico,...).
- Ámbito D: Reparacións domésticas.
- Ámbito E: Coidado dos maiores e dos enfermos.
- Ámbito F: Coidado das mascotas.


- Ámbito H: Conducir.

3.1.1. Análise da enquisa ás familias


No estudo sobre os roles domésticos, realizado no curso 2019-2020, as familias entregan 126 enquisas en prazo, o que se corresponde cun 76% do total das familias do centro (167 familias). Algunhas máis foron entregadas despois do prazo previsto, polo cal non foron obxecto deste estudo. Trátase, xa que logo, dunha participación elevada, polo que se considera bastante representativa. As enquisas son anónimas e non recollen ningún tipo de dato dos membros da unidade familiar, nin de carácter profesional, nin de rango de idade, nin da composición da familia.

Unha vez analizadas as enquisas obtéñense os seguintes resultados:


Ámbito A: Tarefas que se levan a cabo dentro do fogar




Ámbito B: Tarefas que se levan a cabo fóra do fogar




- **Ámbito C: Coidado e educación dos fillos/as**




- **Ámbito D: Reparacións domésticas.**




- **Ámbito E: Coidado dos maiores e dos enfermos.**



- **Ámbito F: Coidado das mascotas**



- **Ámbito H: Conducir**



3.1.2. Conclusións da enquisa ás familias:

- **Ámbito A: Tarefas que se levan a cabo dentro do fogar (limpeza, cociña, organización,...)**

Neste apartado vemos como se cumpre o estereotipo de que os traballos domésticos de limpeza, planchado, ordenado dos armarios, lavado da roupa, etc. son levados a cabo maioritariamente polas mulleres, nun 37% fronte a un 3,1% dos homes, aínda que un 31% das familias manifestan facelos conxuntamente.

- **Ámbito B: Tarefas que se levan a cabo fóra do fogar (compras de alimentación, de roupa,...).**

As tarefas que se realizan fóra do fogar presentan tamén máis presenza das mulleres, aínda que mellora algo a participación dos homes, porque o 47% das parellas manifestan que fan as compras conxuntamente.

- **Ámbito C: Coidado e educación dos fillos/as (levar ao colexio e ás actividades extraescolares, axudar coas tarefas escolares, falar co profesorado, levarlos ao médico,...).**

Aínda que o 54% colaboran conxuntamente é significativa a porcentaxe restante de mulleres que se encargan da educación, de falar co profesorado e de levar e traer aos nenos e ás nenas ao colexio, nunha proporción de cinco mulleres por un home.

- **Ámbito D: Reparacións domésticas.**

As reparacións nas casas son levadas a cabo maioritariamente polos homes (47%). As mulleres manifestan que só un 5,4% fan esas reparacións, aínda que un 32,3 fannas conxuntamente e un 16% son levadas a cabo por familiares e outras persoas. En xeral, cúmprese o estereotipo que asocia aos homes cos traballos de electricidade, albanelería,...

- **Ámbito E: Coidado dos maiores e dos enfermos.**

Tamén neste ámbito teñen maior presenza as mulleres, nun 26%, fronte a un 4,12% dos homes, aínda que cerca do 60% levan a cabo este labor conxuntamente.

- **Ámbito F: Coidado das mascotas.**

Non se presentan diferencias significativas entre mulleres e homes. Neste apartado é relevante a participación dos familiares, en xeral dos propios nenos e nenas e dos seus irmáns.

- **Ámbito H: Conducir.**

Algo máis os homes que as mulleres, pero na maioría dos casos conducen habitualmente os autos (58,6%).

En resumo, segue habendo máis participación das mulleres nos capítulos das tarefas domésticas dentro e fóra do fogar, ao igual que na educación e na relación co colexio e co profesorado, e na atención ás persoas maiores ou enfermas. Os homes son os que maioritariamente fan as reparacións na casa, polo cal, a tenor dos resultados da enquisa, seguen cumpríndose os estereotipos de xénero "tradicionais" o que acarrea diversos prexuízos a erradicar e que deberán servirnos de base para a elaboración do noso "Plan de Igualdade".

3.1.3. Conclusións das respostas do alumnado

Habitualmente, arredor do 90% dos nenos e das nenas que responderon á enquisa, colaboran en diversas tarefas domésticas. Entre as respostas máis frecuentes encontramos:

- Facer as camas
- Recoller a habitación
- Poñer e recoller a mesa
- Pasar a aspiradora
- Gardar a roupa
- Ordenar a habitación
- Tender a roupa
- Poñer a lavadora
- Buscar o pan
- Ir ao supermercado
- Coidar das mascotas

Tendo en conta que a idade do alumnado está entre os 6 e os 12 anos, pode considerarse que hai unha boa porcentaxe de nenos e de nenas que colaboran nos labores domésticos. A nivel titorial, cómpre fomentara participación nos traballos da casa, tendo sempre en conta as idades e o tipo de traballo que vaian a desenvolver, pero desbotando os estereotipos que puidesen relacionar unha tarefa co xénero.

3.2 ENQUISA AO PROFESORADO PLAN DE IGUALDADE

Con obxecto de elaborarmos a Plan de Igualdade de Xénero para este curso realizouse unha enquisa para coñecer a situación de partida no tocante á percepción do profesorado sobre as condicións en que se desenvolve a toma de decisións nos órganos docentes e a representación de profesoras e profesores nos órganos de goberno, CCP, equipos docentes, equipos de dinamización, segundo o xénero, así como os aspectos que puidesen condicionar a maior presenza dun ou doutro xénero nestes órganos de coordinación e de goberno (apartado A).

Asemade queremos saber a valoración do profesorado sobre a participación das familias na vida escolar segundo o xénero, para o cal a enquisa ten un segundo apartado relativo ás familias (apartado B). Con respecto ao alumnado gostaríanos coñecer a opinión sobre a participación, segundo o xénero, nas actividades lúdicas, xogos e deportes, que practican durante os recreos e demais periodos de lecer, nas que requiran o emprego das TIC (Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica,...), nas complementarias e extraescolares e nos proxectos do colexio: competicións intercentros, horta escolar, Xogade... (apartado C).

Por último, podían reseñar os aspectos que considerasen de interese para matizar ou explicar as respostas (apartado D).

A enquisa contempla os seguintes apartados:

APARTADO A: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIÓNS

APARTADO B: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR

APARTADO C: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES ESCOLARES

APARTADO D: SE O DESEXA, COMENTE OS ASPECTOS QUE CONSIDERE OPORTUNOS SOBRE AS RESPOSTAS QUE APORTOU A ESTA ENQUISA

ANEXO:

DISTRIBUCIÓN POR SEXO DOS CARGOS DIRECTIVOS, DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, DOS EQUIPOS DOCENTES E DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DO CEP. SEQUELO NO CURSO 2021-22

CARGO	HOME	MULLER
Director	1	
Xefa de estudos		1
Secretaria		1
Total de integrantes do Claustro*	6	12
Xefe do DO	1	
Total de integrantes do DO	2	4
Coordinadora do equipo docente de 1º, 2º e 3º		1
Coordinadora do equipo docente de 4º, 5º e 6º		1
Coordinadora do equipo de dinamización da biblioteca		1
Coordinador do equipo de dinamización das TIC/ Abalar/ EDixgal	1	
Coordinador do EDLG	1	
Coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares	1	
Total de integrantes da CCP, incluíndo á profesora de apoio (PT)	5	5
Representantes do profesorado no Consello Escolar	3	2
Representantes das nais e dos pais no Consello Escolar		2
Representante da ANPA AIDÓN no Consello Escolar	1	
Representante do Concello no Consello Escolar		1
Representante do persoal non docente no Consello Escolar	1	
Total de integrantes do Consello Escolar	6	7

*Inclúese a un profesor que está substituíndo a unha profesora de baixa

ENQUIA PROFESORADO PLAN DE IGUALDADE**APARTADO A: EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIÓNS**

	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos órganos de goberno do centro, sen distinción de xénero.		3	8
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos equipos docentes e de dinamización do centro.		4	7
Profesoras e profesores participan equilibradamente na planificación das actividades do centro.		2	9
As mulleres están infrarrepresentadas nos órganos de goberno e de coordinación docente do centro.	9	1	1
As decisións que se adoptan no centro fanse respectando por igual as opinións dos integrantes do claustro independentemente do seu xénero.		2	9
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos proxectos educativos do centro.		1	9
Á hora da planificación dos proxectos e actividades que se van realizar no colexio, téñense máis en conta as opinións dos homes cá das mulleres.	9	1	1
No momento actual, a conciliación da vida familiar (coidado dos fillos/as, das persoas maiores, tarefas domésticas...) e laboral está condicionando significativamente a participación das profesoras nos órganos de goberno do centro.	8	1	1

APARTADO B: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR

	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
As reunións de titoría asisten e participan equilibradamente nais e pais.	10	1	
As mulleres teñen unha participación máis activa na vida escolar.		4	7
A conciliación da vida familiar e laboral condiciona significativamente a participación das mulleres nos órganos de goberno do centro.	4	3	4
A asistencia e a participación das familias nas reunións co profesorado depende máis dos horarios laborais dos proxenitores/as que do xénero.	1	4	6

APARTADO C: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA ACTIVIDADE ESCOLAR

	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
As nenas e os nenos practican os mesmos xogos e deportes durante o recreo, segundo as súas preferencias e sen	5	3	3

distinción de xénero.			
As nenas e os nenos empregan as TIC no Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica, nos videos... coa mesma frecuencia.		5	6
Os nenos xogan máis ao fútbol que as nenas durante os recreos.		5	6
Nas actividades deportivas de EF, plan Xogade, competicións intercentros,... participan habitualmente máis nenos que nenas.	9		1
O brilé, a goma e a corda son máis practicadas durante os recreos polas nenas.		7	4
As nenas góstanles máis a lectura cá os nenos.	6	5	
No coidado da horta hai unha participación equilibrada de nenos e de nenas sen distinción e xénero.		3	8

APARTADO D: SE O DESEXA, COMENTE OS ASPECTOS QUE CONDIDERE OPORTUNOS SOBRE AS RESPONSTAS QUE APOROU A ESTA ENQUISA

SEXO: MULLER



5

HOME


5

NS/NC: 1


**APARTADO A:
EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIÓNS**



Profesoras e profesores participan equilibradamente na planificación das actividades do centro.



As mulleres están infrarrepresentadas nos órganos de goberno e de coordinación docente do centro.



As decisións que se adoptan no centro fanse respectando por igual as opinións dos integrantes do claustro independentemente do seu xénero.



Profesoras e profesores participan equilibradamente nos proxectos educativos do centro.



Á hora da planificación dos proxectos e actividades que se van realizar no colexio, téñense máis en conta as opinións dos homes cá das mulleres.



No momento actual, a conciliación da vida familiar (coidado dos fillos/as, das persoas maiores, tarefas domésticas...) e laboral está condicionando significativamente a participación das profesoras nos órganos de goberno do centro.



**APARTADO B:
EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR**

Ás reunións de titoría asisten e participan equilibradamente nais e pais.



As mulleres teñen unha participación máis activa na vida escolar.



A conciliación da vida familiar e laboral condiciona significativamente a participación das mulleres nos órganos de goberno do centro.



A asistencia e a participación das familias nas reunións co profesorado depende máis dos horarios laborais dos proxenitores/as que do xénero.



**APARTADO C:
EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES ESCOLARES**


As nenas e os nenos practican os mesmos xogos e deportes durante o recreo, segundo as súas preferencias e sen distinción de xénero.




As nenas e os nenos empregan as TIC no Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica, nos videos... coa mesma frecuencia.



Os nenos xogan máis ao fútbol que as nenas durante os recreos.



Nas actividades deportivas de EF, plan Xogade, competicións intercentros,... participan habitualmente máis nenos que nenas.



O brilé, a goma e a corda son máis practicadas durante os recreos polas nenas.



Ás nenas góstalles máis a lectura cá os nenos.



No coidado da horta hai unha participación equilibrada de nenos e de nenas sen distinción de xénero..



CONCLUSIÓNS DA ENQUISA AO PROFESORADO

APARTADO A: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIÓNS:

O profesorado considera que tanto as profesoras, coma os profesores participan equilibradamente nos órganos de goberno do centro, nos equipos docentes e de dinamización e na planificación das actividades e nos proxectos educativos do centro sen distinción de xénero. Tamén estiman que as decisións que se adoptan fanse respectando por igual as opinións dos integrantes do claustro independentemente do seu xénero e que non existe infrarrepresentación das mulleres nos órganos de goberno e de coordinación docente.

No momento actual, a conciliación da vida familiar (coidado dos fillos/as, das persoas maiores, tarefas domésticas...) e laboral non parece estar condicionando significativamente a participación das profesoras nos

órganos de goberno e nas actividades e proxectos do centro, segundo se recolle nas respostas á enquisa.

APARTADO B: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR

En canto á participación das familias na vida escolar, o profesorado considera que hai unha maior participación das mulleres, que son as que asisten con máis frecuencia ás reunións de titoría e existe tamén moito consenso en que a asistencia e a participación das familias nas reunións co profesorado depende máis dos horarios laborais dos proxenitores/as que do xénero.

Sen embargo, a tenor das respostas, non existe unanimidade en que o motivo sexa a dificultade da conciliación da vida familiar e laboral.

APARTADO C: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES ESCOLARES

Neste apartado podemos concluír que, segundo o profesorado:

- As nenas e os nenos non practican os mesmos xogos e deportes durante o recreo.
- Os nenos xogan máis ao fútbol que as nenas durante os recreos.
- O brilé, a goma e a corda son máis practicadas durante os recreos polas nenas.
- As nenas e os nenos empregan as TIC no Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica, nos videos... coa mesma frecuencia.
- Non existe tampouco diferenza de xénero na participación do alumnado nas actividades deportivas de EF, plan Xogade, competicións intercentros,...
- O interese pola lectura non se asocia ao sexo do alumnado.
- No coidado da horta hai unha participación equilibrada de nenos e de nenas sen distinción e xénero.

En resume podemos concluír que:

- O profesorado conta cunha representación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno, equipos e departamentos.
- A toma de decisións, a intervención nos proxectos e a participación en xeral na vida escolar non está condicionada polo xénero.
- Cómpre fomentar unha maior implicación dos homes na relación habitual co centro escolar, aínda que hai factores externos, coma as políticas laborais e de emprego, nas que a intervención do colexio, máis aló da concienciación da igualdade entre mulleres e homes a través do currículo transversal, corresponde a outras administracións.
- Por último, si se considera necesario intervenir nos patios de recreo para desterrar os prexuízos que asocian determinados xogos co xénero: brilé, goma e corda, maioritariamente coas nenas, e fútbol, cos nenos, fomentando os patios coeducativos.

4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN CO TRATAMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

Consonte ao anterior, neste proxecto contémpanse os seguintes obxectivos:

1. **Obxectivo de erradicación dos prexuízos de xénero:** o colexio adoptará as medidas apropiadas para modificar os patróns socioculturais de conduta de mulleres e de homes, con miras a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes.
2. **Fomento da igualdade de oportunidades,** eliminando a discriminación entre mulleres e homes promocionando a igualdade efectiva das persoas sen discriminación de sexo.
3. **Fomentarase a comprensión da maternidade como unha función social,** evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller.
4. Adoptaranse idénticas actuacións de **fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares** que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes.
5. Fomentar a **participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións.**
6. Promoción da adopción de **accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero.**
7. **Promoción da educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes a través do currículo transversal:** contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e reflexo do papel das mulleres na evolución histórica e da adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
8. **O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentados os homes,** buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos de carácter sexual.
9. Potenciar a **discriminación positiva das mulleres** en tanto non se acade o obxectivo da igualdade de oportunidades.
10. **Previr o acoso entre iguais, o sexismo e a homofobia** dende as primeiras idades.

11. Fomento do **emprego dunha linguaxe non sexista** nas aulas, nos escritos e circulares e na páxina web do centro.

12. Favorecer o **respecto ás diferencias persoais e familiares**.

13. Favorecer o coñecemento e o **respecto polos dereitos humanos**.

14. **Atender á diversidade afectiva e sexual** do alumnado e das súas familias na aula.

Para dar cumprimento aos obxectivos anteriores, nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do colexio explicitaránse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas, para conseguir a erradicación de prexuízos e a prevención da violencia de xénero. Tales medidas deben ter non só un carácter sancionador, senón fundamentalmente reeducativo. Deste xeito, non se admitirán, no centro, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida, nin se permitirá ás docentes e aos docentes ningunha forma de machismo e/ou de misoxinia de forma directa ou indirecta, tendo estes e estas que atallar este tipo de comportamentos que puidesen existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, para o cal aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

5. MEDIDAS E ACCIÓNS EN RELACIÓN CO TRATAMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

As principais **medidas para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero** serán:

- a.* Programación de charlas, conferencias, exposicións e debates nos que se trate a temática de xénero, que serán incluídas na programación xeral anual e nas programacións didácticas.
- b.* A análise nas reunións do claustro, do consello escolar e da comisión de convivencia das posibles situacións de discriminación por motivos de xénero.
- c.* A toma de decisións ante situacións de discriminación por xénero:
- d.* Adopción de medidas sancionadoras e reeducadoras.
- e.* Revisión dos contidos curriculares (concreción curricular).
- f.* Revisión das programacións de aula.
- g.* Revisión de programación xeral anual, coa inclusión de novas actividades complementarias para reforzar os contidos de xénero.
- h.* Revisión e modificación, se fose preciso, do plan de convivencia, do plan de atención á diversidade (PAD), plan de acción tutorial (PAT), do plan xeral de orientación (PADO),... e inclusión das novas medidas e

actuacións no proxecto educativo.

i. O tratamento transversal no currículo dos obxectivos antes enunciados:

1º e 2º de primaria

- **A DIVERSIDADE FAMILIAR:**

- O obxectivo didáctico é reflexionar sobre as diferentes familias que existen. Para isto afondarase nas diferencias que existen entre o propio alumnado e como esas diferencias xeran desigualdades ao tempo que poñemos en valor a defensa dos Dereitos Humanos.
- Reflexionaremos sobre a diversidade familiar do alumnado, sobre que é unha familia, quen pode formar unha familia e sobre as familias non tradicionais.

- **OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO:** Co obxectivo de analizar e reflexionar sobre a presenza de mulleres e homes no ámbito laboral, lúdico e deportivo, conseguir unha valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores e erradicar os prexuízos de xénero e os estereotipos que asocian as ocupacións a un determinado sexo, traballarase sobre os seguintes contidos:

- A igualdade no traballo doméstico.
- Os traballos e as profesións.
- Os xoguetes e os xogos.
- Os deportes.
- A ciencia e a tecnoloxía.

- **A LINGUAXE NON SEXISTA:** Elaboración dunhas pautas moi sinxelas para o emprego dunha linguaxe non sexista.

- **A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS:**

- Desigualdades vividas: maniféstase a violencia nos conflitos escolares e a falta de autoestima nas nenas.
- Resolución non violenta de conflitos.
- Formación en habilidades sociais e comunicativas.

3º e 4º de primaria:

- **A DIVERSIDADE AFECTIVA-SEXUAL:**

- O obxectivo didáctico é reflexionar sobre as diferencias que existen cando expresamos a nosa afectividade e como isto non pode supor unha desigualdade.

- Reflexionaremos sobre as diversas formas de expresar o amor (amizade, familiar, parella, entre irmás...) afondaremos na diversidade afectiva-sexual (orientación, sexual), destacando os diversos tipos de familia que hai.
- Vencellarase esta diversidade cos dereitos humanos e coa discriminación/acoso escolar, finalizando por concretar que podemos facer cada un de nós para cambiar estas desigualdades.
- **OS ESTEOREOTIPOS DE XÉNERO:** Co obxectivo de analizar e reflexionar sobre a presenza de mulleres e homes no ámbito laboral, lúdico e deportivo, conseguir unha valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores e erradicar os prexuízos de xénero e os estereotipos que asocian as ocupacións a un determinado sexo, traballarase sobre os seguintes contidos:
 - A igualdade no traballo doméstico.
 - Os traballos e as profesións.
 - Os xoguetes e os xogos.
 - Os deportes.
 - A ciencia e a tecnoloxía.
 - Uso adecuado dos móbiles, das tablets e da rede.
 - Os riscos de internet: As redes sociais.
- **A LINGUAXE NON SEXISTA:** Elaboración dunhas pautas sinxelas para o emprego dunha linguaxe non sexista.
- **A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS:**
 - Desigualdades vividas: maniféstase a violencia nos conflitos escolares e a falta de autoestima nas nenas.
 - Resolución non violenta de conflitos.
 - Formación en habilidades sociais e comunicativas.

5º e 6º de primaria:

- **A DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL E DE XÉNERO**
 - O obxectivo didáctico é reflexionar sobre a diversidade afectivo-sexual e de xénero (orientaciónsexual e identidade de xénero). Para isto afondarase nas diferencias que existen entre o propio alumnado ao tempo que poñemos en valor a defensa dos Dereitos Humanos.
 - Traballarase sobre a diversidade afectiva-sexual e de xénero por un lado, e o acoso escolar a continuación, finalizando por concretar que podemos facer cada un de nós para cambiar estas desigualdades.
 - Definiranse, así mesmo, o acoso LGTBfóbico e as diferentes orientacións sexuais e identidades de xénero.
- **OS ESTEOREOTIPOS DE XÉNERO:** Co obxectivo de analizar e reflexionar sobre a presenza de mulleres e homes no ámbito laboral, lúdico e deportivo, para conseguir unha valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes

coidadores e erradicar os prexuízos de xénero e os estereotipos que asocian as ocupacións a un determinado sexo, traballarase sobre os seguintes contidos:

- A igualdade no traballo doméstico.
 - Os traballos e as profesións.
 - Os xoguetes e os xogos.
 - Os deportes.
 - A ciencia e a tecnoloxía.
 - Uso adecuado dos móbiles, das tablets e da rede.
 - Os riscos de internet: as redes sociais.
 - Prexuízos de xénero e tratamento nos medios de comunicación.
- **A LINGUAXE NON SEXISTA:** Elaboración dunhas pautas sinxelas para o emprego dunha linguaxe non sexista.
 - **A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS:**
 - Desigualdades vividas: maniféstase a violencia nos conflitos escolares e a falta de autoestima nas nenas.
 - Resolución non violenta de conflitos.
 - Formación en habilidades sociais e comunicativas.
 - **A VIOLENCIA DE XÉNERO:** o acoso e o maltrato. A prevención do sexismo e da violencia machista.

6. ACTIVIDADES DO PLAN DE IGUALDADE

En cada curso escolar programaranse as actividades para desenvolver o Plan de Igualdade atendendo ás necesidades detectadas previamente. Estas actividades serán incluídas na Programación Xeral Anual do centro, recollidas nunha táboa na que se especificará o título, o contido, os obxectivos que se pretenden traballar con cadansúa acción, a data, o (s) curso (s) implicados, os responsables da organización e os medios e recursos materiais e organizativos que se precisan, da acordo co seguinte formato:

ACTIVIDADES DO PLAN DE IGUALDADE. Curso 202_ -202_							
Título	Obxectivo	Contido	Data prevista	Curso (s)	Profesorado responsable	Recursos materiais e organizativos	Avaliación

Tamén se incluírán actividades para fomentar a igualdade de xénero, eliminar os estereotipos e os prexuízos de xénero e previr a violencia machista nas programacións didácticas e nas dos equipos de dinamización (biblioteca, TIC, EDLG...):

- A) Tratamento transversal no currículo dos obxectivos para a igualdade de xénero:
- Erradicación dos prexuízos de xénero.
 - Fomento da igualdade de oportunidades.
 - Comprensión da maternidade como unha función social.
 - Fomento da comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares.
 - Fomentar a participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións.
 - Adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero.
 - Promoción da educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes a través do currículo transversal: contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
 - Fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes.
 - Potenciar a discriminación positiva das mulleres.
- B) Charlas, conferencias e debates nos que se trate a temática de xénero.
- C) Conmemoración do 25 de novembro, Día Contra a Violencia de Xénero en colaboración co CIM de Marín.
- D) Conmemoración do Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- E) Conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller.
- F) Participación nos programas da Consellería de Educación: Contratos-Programa, Plan Proxecta, Iguálate, Xogade, PVAD, etc.
- G) PLAN DIRECTOR: Charlas sobre "O acoso escolar" dirixidas ao alumnado de 5º e 6º EP, ás familias e ao profesorado.
- H) Órganos colexiados, equipo directivo, equipos docentes e de dinamización:

- Análise nas reunións do claustro, do consello escolar e da comisión de convivencia das posibles situacións de discriminación por motivos de xénero.
 - Toma de decisións ante situacións de discriminación por xénero:
 - Adopción de medidas sancionadoras e reeducadoras.
 - Revisión dos contidos curriculares.
 - Revisión das programacións de aula.
 - Revisión de programación xeral anual, coa inclusión de novas actividades complementarias para reforzar os contidos de xénero.
- I) Revisión e modificación, se fose preciso, do plan de convivencia, do plan de atención á diversidade (PAD), plan de acción titorial (PAT), do plan xeral de orientación (PADO),... e inclusión das novas medidas.
- L) Revisión da linguaxe empregada nos documentos escritos e comunicacións entre o centro e as familias para analizar a posible existencia de sesgos sexistas na redacción dos mesmos. Revisión da linguaxe empregada non libros de texto e nos materiais didácticos do centro, así como das imaxes e dos posibles valores que transmitan. Revisión da páxina web do colexio: linguaxe empregada, imaxes e videos,...
- M) Inclusión, na páxina web do centro de materias didácticos, videos e enlaces de lecturas que fomenten a igualdade e erradiquen os prexuizos sexistas.
- N) Actividades relacionadas co proxecto bianual do colexio: charlas, visitas culturais, exposicións, etc.
- Ñ) Actividades nos espazos de lecer: **OS PATIOS COEDUCATIVOS.**

O obxectivo da planificación e organización de actividades lúdicas, así como do seu seguimento nos patios escolares, é **o fomento da igualdade entre nenos e nenas, a prevención e a erradicación das condutas machistas, a participación igualitaria nos xogos, deportes e actividades lúdicas que se organicen nos patios de recreo e a resolución dos conflitos que puideran orixinarse durante os recreos, promovendo a coeducación nos espazos de lecer do colexio.**

A tal fin elaborárase trimestralmente por cada titor/a unha **FICHA DE SEGUIMENTO DOS PATIOS ESCOLARES COEDUCATIVOS**, coa información que lle proporcione o profesorado de garda nos recreos, que servirá para valorar o uso do patio, os comportamentos que poidan transmitir estereotipos de xénero, tanto nos deportes, coma nos xogos e introducir, unha vez analizados os datos, as modificacións e as intervencións que sexan precisas para conseguir unha boa convivencia e a erradicación dos estereotipos asociados á condición do xénero.

Obxectivos:

- Mellorar a convivencia durante os recreos mediante:
 - A distribución dos espazos.
 - O deseño de actividades lúdicas, deportes e xogos que fomenten a participación de todo o alumnado sen estereotipos asociados ao xénero.
- Promover a igualdade de xénero desterrando os prexuizos sobre xogos ou deportes asociados ás

mulleres ou aos homes.

CEP. SEQUELO. CURSO 202_ - 202_				
FICHA DE SEGUIMIENTO DOS PATIOS COEDUCATIVOS. CURSO __EP				
1º TRIMESTRE				
ACTIVIDADE (deporte practicado, xogo...)	DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS (patio, pista deportiva...)	TEMPORALIZACIÓN	PARTICIPACIÓN POR XÉNERO (%)	
			NENAS	NENOS
• Fútbol				
• Baloncesto				
• Voleibol				
• Brilé				
• Corda				
• Goma				
• Xogos populares				
...				
SITUACIÓNS CONFLICTIVAS DETECTADAS				
•				
INTERVENCIÓNS LEVADAS A CABO				
•				
ANÁLISE E VALORACIÓN DA INTERVENCIÓN				
•				
PROPOSTAS DE MELLORA				
•				

O) Actividades e talleres de educación afectiva e sexual organizadas polo DO dirixidas ao alumnado de 5º e 6ºEP. do Colexio Benquerer, da "Fundación Meniños".

7. AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

A **Avaliación resulta** imprescindible para corrixir, modificar e/ou mellorar. Vai detectar as fortalezas e as carencias que presenta o noso Plan de Igualdade. A avaliación do Plan Anual de Igualdade correrá a cargo do Claustro de profesores e do Consello Escolar do Centro, entendendo esta avaliación como unha recollida de datos ou información sobre as dificultades, progresos e posibilidades de mellora de todas as partes que interveñen no proxecto. A avaliación será o instrumento que nos permitira contemplar como evolucionan os factores fundamentais deste plan, coa finalidade de ir mellorando a consecución dos obxectivos propostos nomesmo.

7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

- **Avaliación inicial:** que nos permita coñecer o punto de partida. A partir dos datos da avaliación inicial, que se recolleron das enquisas realizadas ás familias, o equipo directivo co asesoramento do DO. e do profesorado xerarquizará os obxectivos que quere acadar.
- **Avaliación formativa:** cun proceso de seguimento das actuacións previstas, que estará envolto nadinámica de autoavaliación na que se analizarán, entre outros, os seguintes aspectos:
 - A metodoloxía empregada.
 - As actitudes e motivacións do profesorado e do alumnado.
 - A idoneidade das propostas levadas a cabo, das actuacións formativas realizadas e dos materiais e recursos empregados.
 - A temporalidade das diferentes actuacións.

Para realizar este seguimento, sería interesante levar un rexistro por escrito das incidencias, acertos, etc. das experiencias postas en marcha.

- **Avaliación final:** que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:
 - O grao de:
 - Consecución dos obxectivos propostos.
 - Desenrolo das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixos de actuación propostos no Plan Anual de Igualdade.
 - Aproveitamento dos recursos do centro.
 - Implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos comprometidos no desenvolvemento das actuacións propostas.
 - As estratexias metodolóxicas aplicadas.
 - O desenvolvemento das medidas de coordinación.
 - As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.

A avaliación terá un carácter continuo. Cada trimestre dentro do proceso de avaliación da Programación Xeral Anual farase unha análise do desenvolvemento do Plan Anual de Igualdade, informando ao Claustro.

As avaliacións trimestrais pretenden analizar a evolución do Plan Anual de Igualdade para e introducir (de ser preciso) as modificacións que se consideren oportunas á vista da resposta obtida e o grao de consecución dos obxectivos acadado.

Ao remate do curso farase unha avaliación final, na que se valorará a consecución dos obxectivos fixados. Tamén se especificarán as propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

A última fase no proceso de avaliación será a elaboración dunha memoria final do Plan de Igualdade para incluíla na Memoria Final do curso.

7.2. Instrumentos de avaliación:

A avaliación levarase a cabo mediante:

- Observación, rexistro e análise que os responsables dos equipos implicados nas actividades para fomentar a igualdade fagan de cada unha das actividades realizadas.
- Enquisas e cuestionarios (ao profesorado, ao alumnado e as familias) sobre diversos aspectos: Interese das actividades propostas, grao de participación, propostas de mellora,...

Indicadores que se terán en conta:

OBXECTIVO	MEDIDA/ ACTUACIÓN	AVALIACIÓN		
		Instrumentos	Temporalización	Indicadores
1. Erradicación dos prexuízos de xénero para acadar a eliminación e das prácticas consuetudinarias e dosprexuízos baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes.	O tratamento transversal no currículo das diferentes materias en cada curso	Programacións didácticas de áreas e materias	Memorias de fin de curso	<ul style="list-style-type: none"> • En cada programación didáctica figurarán os indicadores para a avaliación das actividades e accións desenvolvidas para a eliminación dos prexuízos de xénero: <ul style="list-style-type: none"> ○ A diversidade familiar ○ A violencia de xénero, o acoso e o maltrato. ○ A prevención do sexismo e da violencia machista. ○ A diversidade afectivo-sexual e de xénero.
2. Promoción da educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes a través do currículo transversal: <ul style="list-style-type: none"> a. Contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e reflexo do papel das mulleres na evolución histórica. b. Favorecer o coñecemento e o respecto polos dereitos humanos. c. Fomentarase a comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da 	O tratamento transversal no currículo das diferentes materias en cada curso	Programacións didácticas de áreas e materias	Memorias de fin de curso	<ul style="list-style-type: none"> • En cada programación didáctica figurarán os indicadores para a valoración das actividades e accións desenvolvidas sobre: <ul style="list-style-type: none"> ○ Contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente. ○ Coñecemento e respecto polos dereitos humanos. ○ A maternidade como función social. ○ O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes.

<p>d. muller. Fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopan infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos de carácter sexual.</p>				
<p>3. Fomentar a participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións.</p>	<p>Nomeamento e reparto equilibrado de funcións de mulleres e homes nos órganos de goberno do colexio. Participación e toma de decisións equilibrada nas reunións do claustro, do consello escolar e dos equipos docentes e de dinamización de mulleres e homes</p>	<p>Reunións do claustro, do consello escolar e dos equipos docentes e de dinamización</p>	<p>Memorias de fin de curso do claustro, do consello escolar e dos equipos docentes e de dinamización</p>	<ul style="list-style-type: none"> Análise da participación de mulleres e de homes no equipo directivo, equipos docentes, equipos de dinamización, consello escolar, etc. co obxectivo da participación paritaria. <ul style="list-style-type: none"> Participación paritaria (100%). Participación non paritaria: non acadado.
<p>4. Fomento do emprego dunha linguaxe non sexista nas aulas, nos escritos e circulares e na páxina web do centro.</p>	<p>Revisión da documentación do centro para detectar e corregir, no seu caso, calquera sesgo sexista na redacción.</p>	<p>Documentos do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> Programacións. Actas. Circulares. Páxina web. ... 	<p>Ao longo do curso</p>	<ul style="list-style-type: none"> Documentos revisados. Correccións e emendas.
<p>5. Previr o acoso entre iguais, o sexismo e a homofobia dende as primeiras idades.</p>	<p>Tratamento transversal no currículo das diferentes materias en cada curso. Charlas e conferencias. Plan Director. Acción tutorial/ orientación. Conmemoracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Programacións didácticas de áreas e materias. Programación xeral anual. 	<p>Ao longo do curso. Memoria final.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Número de charlas e conferencias organizadas durante o curso: <ul style="list-style-type: none"> 3 ou máis (100%) 1 ou 2 (50%) Ningunha (non acadado) Casos detectados de homofobia, sexismo, racismo, ... <ul style="list-style-type: none"> Resoltos (100%) En vías de resolución (50%) Non resoltos (non acadado)
<p>6. Atender á diversidade afectiva e sexual do alumnado e das súas familias na aula.</p>	<p>Adopción de medidas para o coñecemento LGTB+, a prevención e o respecto e evitar a discriminación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Demandas familiares atendidas. Protocolos abertos. 	<p>Ao longo do curso. Memoria final.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Resolución das demandas familiares presentadas <ul style="list-style-type: none"> Resoltas (100%) En vías de resolución (50%) Non resoltos (non acadado) Protocolos abertos. <ul style="list-style-type: none"> Resoltos (100%) En vías de resolución (50%) Non resoltos (non acadado)
<p>7. Fomentar a participación igualitaria de alumnas e alumnos nas actividades lúdicas nos patios de recreo</p>	<p>Organización de actividades lúdicas durante os recreos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Competicións deportivas. Xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> PXA. Programacións didácticas de áreas e materias. Ficha seguimento por curso e nivel dos patios coeducativos 	<p>Trimestral. Ao longo do curso. Memoria final.</p>	<p>Porcentaxe de participación por xénero nas actividades lúdicas durante os recreos (competicións deportivas e xogos).</p> <ul style="list-style-type: none"> Participación igualitaria: Obxectivo acadado. Participación desigual: Non acadado.
<p>8. Promover a participación igualitaria de alumnas e alumnos nas actividades deportivas e nos xogos de educación física</p>	<ul style="list-style-type: none"> Organización de actividades deportivas na área de educación física. Organización de competicións intercentros. Participación nos programas da Consellería: PVAD, Xogade, Móvete Máis, DAFIS,... 	<ul style="list-style-type: none"> PXA. Programación didáctica de educación física. Ficha seguimento patios coeducativos 	<p>Trimestral. Ao longo do curso. Memoria final..</p>	<p>Porcentaxe de participación por xénero nas actividades deportivas e nos xogos de educación física</p> <ul style="list-style-type: none"> Participación igualitaria: Obxectivo acadado. Participación desigual: Non acadado.

<p>9. Promover a participación igualitaria de alumnas e alumnos nas actividades programadas para mellorar os hábitos saudables</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organización de actividades para o fomento da saúde na área de educación física. • Organización de xornadas saudables: marchas en bicicleta, cultivo da horta, paseos e excursións a pé,... • Participación nos programas da Consellería para o fomento dos hábitos saudables: reparto de froita fresca, reparto de leite, almorzos saudables,... 	<ul style="list-style-type: none"> • PXA. • Programación didáctica de educación física. • Programacións didácticas de áreas e materias. • Ficha seguimento patios coeducativos • Comedor escolar. 	<p>Trimestral. Ao longo do curso. Memoria final.</p>	<p>Porcentaxe de participación por xénero nas actividades para o fomento da saúde na área de educación física, nas xornadas saudables: marchas en bicicleta, cultivo da horta, paseos e excursións a pé,... e nos programas da Consellería para o fomento dos hábitos saudables: reparto de froita fresca, reparto de leite, (competicións deportivas e xogos).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participación igualitaria: Obxectivo acadado. • Participación desigual: Non acadado.
--	---	--	--	---

Anexo I: MODELO DE CARTA ÁS FAMILIAS**CEP. SEQUELO**

R/ Enrique Turrall, s/n. 36900- **MARÍN**
 Tel/fax.: 886151325/886151328
 E-mail cep.sequelo.marin@edu.xunta.es

ENQUISAS PLAN DE IGUALDADE

Estimadas familias:

No presente curso, seguindo as instrucións e as directrices da Consellería de Educación, estamos elaborando un **"Plan de Igualdade"** no colexio, cos **obxectivos de erradicar os prexuízos de xénero, o fomento da igualdade de oportunidades**, eliminando a discriminación entre mulleres e homes, **a comprensión da maternidade como unha función social**, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, **a comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares** que necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes, o fomento da **participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións** e a promoción de accións tendentes **á erradicación de todas as formas de violencia de xénero**.

Para elaborar o devandito Plan solicitamos a súa colaboración para coñecermos os hábitos domésticos nos seus fogares, axudando aos seus fillos a cubrir unha pequena enquisa anónima e entregándoa despois aos titores.

Agardando a súa colaboración, reciban un cordial saúdo,

Anexo II: MODELO DE ENQUIISA SOBRE ROLES DOMÉSTICOS

ENQUIISA SOBRE HÁBITOS DOMÉSTICOS					
Quen se encarga habitualmente dos seguintes traballos domésticos?	NAI	PAI	OS DOUS	OUTRO FAMILIAR	OUTRA PERSOA
• Facer a comida, cociñar					
• Lavar a louza					
• Limpar					
• Poñer a lavadora					
• Tender a roupa					
• Facer as camas					
• Planchar					
• Varrer					
• Fregar o chan					
• Levar as contas domésticas					
• Ordenar os armarios					
• Facer as compras de supermercado					
• Ir á panadería					
• Conducir					
• Levar aos fillos/as ao médico					
• Comprar a roupa dos nenos/as					
• Levar aos fillos/as ao colexio					
• Falar co profesorado					
• Levar aos nenos ás actividades extraescolares					
• Axudar coas tarefas escolares					
• Xogar cos fillos/as na casa					
• Xogar cos fillos/as fóra da casa					
• Pequenas reparacións na casa					
• Atender ás persoas maiores ou enfermas					
• Coidar das mascotas					

E VÓS, EN QUE AXUDADES NA CASA?

Explica cunha breve redacción en que tarefas colaboras no teu domicilio

Anexo III: MODELO PARA A INTERPRETACIÓN DA ENQUISA SOBRE ROLES DOMÉSTICOS

- Ámbito A: Tarefas que se levan a cabo dentro do fogar (limpeza, cociña, organización,..)
- Ámbito B: Tarefas que se levan a cabo fóra do fogar (compras de alimentación, roupa,...).
- Ámbito C: Coidado e educación dos fillos/as (levar ao colexio e ás actividades extraescolares, axudar coastarefas escolares, falar co profesorado, levalos ao médico,...).
- Ámbito D: Reparacións domésticas.
- Ámbito E: Coidado dos maiores e dos enfermos.
- Ámbito F: Coidado das mascotas.
- Ámbito H: Conducir.

ANEXO IV:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEP. SEQUELO

R/ Enrique Turrall, s/n. 36900- **MARÍN**
Tel.: 886 151 325.
E -mail: cep.sequelo.marin@edu.xunta.gal
Web: www.edu.xunta.es/centros/cepsequelomarin/

ENQUISA AO PROFESORADO PLAN DE IGUALDADE

Estimadas compañeiras/ estimados compañeiros:

Con obxecto de elaborar o novo Plan de Igualdade de Xénero, neste curso cómpre coñecer a situación de partida no tocante á percepción do profesorado sobre as condicións en que se desenvolve a toma de decisións nos órganos docentes e a representación de profesoras e profesores nos órganos de goberno, CCP, equipos docentes, equipos de dinamización, segundo o xénero, para o cal necesitamos coñecer a vosa opinión mediante a enquisa que figura embaixo, así como os aspectos que puidesen condicionar a maior presenza dun ou doutro xénero nestes órganos de coordinación e de goberno (apartado A).

Asemade queremos saber a vosa valoración sobre a participación das familias na vida escolar segundo o xénero, para o cal a enquisa ten un segundo apartado relativo ás familias (apartado B).

Con respecto ao alumnado gostaríanos coñecer a vosa opinión sobre a participación, segundo o xénero, nas actividades lúdicas, xogos e deportes, que practican durante os recreos e demais periodos de lecer, nas que requiran o emprego das TIC (Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica,...), nas complementarias e extraescolares e nos proxectos do colexio: competicións intercentros, horta escolar, Xogade... (apartado C).

Por último, podedes reseñar os aspectos que consideredes de interese para matizar ou explicar as vosas respostas (apartado D).

A enquisa contempla os seguintes apartados:

APARTADO A: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIONS

APARTADO B: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR

APARTADO C: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ACTIVIDADES ESCOLARES

APARTADO D: SE O DESEXA, COMENTE OS ASPECTOS QUE CONSIDERE OPORTUNOS SOBRE AS RESPOSTAS QUE APORTOU A ESTA ENQUISA

Marín, 28 de setembro de 2021

Un cordial saúdo,

O equipo directivo

ANEXO:

DISTRIBUCIÓN POR SEXO DOS CARGOS DIRECTIVOS, DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, DOS EQUIPOS DOCENTES E DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DO CEP. SEQUELO NO CURSO 2021-22		
CARGO	HOME	MULLER
Director	1	
Xefa de estudos		1
Secretaria		1
Total de integrantes do Claustro*	6	12
Xefe do DO	1	
Total de integrantes do DO	2	4
Coordinadora do equipo docente de 1º, 2º e 3º		1
Coordinadora do equipo docente de 4º, 5º e 6º		1
Coordinadora do equipo de dinamización da biblioteca		1
Coordinador do equipo de dinamización das TIC/ Abalar/ EDixgal	1	
Coordinador do EDLG	1	
Coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares	1	
Total de integrantes da CCP, incluíndo á profesora de apoio (PT)	5	5
Representantes do profesorado no Consello Escolar	3	2
Representantes das nais e dos pais no Consello Escolar		2
Representante da ANPA AIDÓN no Consello Escolar	1	
Representante do Concello no Consello Escolar		1
Representante do persoal non docente no Consello Escolar	1	
Total de integrantes do Consello Escolar	6	7

*Inclúese a un profesor que está substituíndo a unha profesora de baixa

ENQUIA PROFESORADO PLAN DE IGUALDADE**APARTADO A: EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO NA TOMA DE DECISIÓNS**

	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos órganos de goberno do centro, sen distinción de xénero.			
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos equipos docentes e de dinamización do centro.			
Profesoras e profesores participan equilibradamente na planificación das actividades do centro.			
As mulleres están infrarrepresentadas nos órganos de goberno e de coordinación docente do centro.			
As decisións que se adoptan no centro fanse respectando por igual as opinións dos integrantes do claustro independentemente do seu xénero.			
Profesoras e profesores participan equilibradamente nos proxectos educativos do centro.			
Á hora da planificación dos proxectos e actividades que se van realizar no colexio, téñense máis en conta as opinións dos homes cá das mulleres.			

No momento actual, a conciliación da vida familiar (coidado dos fillos/as, das persoas maiores, tarefas domésticas...) e laboral está condicionando significativamente a participación das profesoras nos órganos de goberno do centro.			
APARTADO B: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA ACTIVIDADE ESCOLAR			
	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
As reunións de titoría asisten e participan equilibradamente nais e pais.			
As mulleres teñen unha participación máis activa na vida escolar.			
A conciliación da vida familiar e laboral condiciona significativamente a participación das mulleres nos órganos de goberno do centro.			
A asistencia e a participación das familias nas reunións co profesorado depende máis dos horarios laborais dos proxenitores/as que do xénero.			
APARTADO C: EN RELACIÓN COA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA ACTIVIDADE ESCOLAR			
	EN DESACORDO	BASTANTE DE ACORDO	MOI DE ACORDO
As nenas e os nenos practican os mesmos xogos e deportes durante o recreo, segundo as súas preferencias e sen distinción de xénero.			
As nenas e os nenos empregan as TIC no Abalar-Edixgal, radio escolar, robótica, nos videos... coa mesma frecuencia.			
Os nenos xogan máis ao fútbol que as nenas durante os recreos.			
Nas actividades deportivas de EF, plan Xogade, competicións intercentros,... participan habitualmente máis nenos que nenas.			
O brilé, a goma e a corda son máis practicadas durante os recreos polas nenas.			
As nenas góstanles máis a lectura cá os nenos.			
No coidado da horta hai unha participación equilibrada de nenos e de nenas sen distinción e xénero.			
APARTADO D: SE O DESEXA, COMENTE OS ASPECTOS QUE CONDIDERE OPORTUNOS SOBRE AS RESPOSTAS QUE APORTOU A ESTA ENQUIISA			

[Empty rectangular box for content]

SEXO: MULLER

HOME

NS/NC:

Anexo IV: Enlaces ao *ALBUM DE MULLERES MESTRAS***María Vázquez Suárez**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=1029>**M^a Dolores del Río**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=993&autor=M.%AA%20Dolores%20del%20R%EDo>**María Tobío**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=502&autor=Mar%EDa%20%20Tob%EDo>**Daríá González García**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=348&autor=Dar%EDa%20Gonz%E1lez%20Garc%EDa>**Nieves Fariza Alonso**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=341&autor=Nieves%20Fariza%20Alonso>**Concepción Ramón Amat**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=267&autor=Concepci%F3n%20Ram%F3n%20Amat>**Rosa Pons i Fábregas**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=261&autor=Rosa%20Pons%20i%20F%EBregas>**Ernestina Elena Otero Sestelo**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=233&autor=Ernestina%20Elena%20Otero%20Sestelo>**Concepción Sáiz Otero**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=183&autor=Concepci%F3n%20S%EBiz%20Otero>**María Barbeito**<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=81&autor=Mar%EDa%20Barbeito>

Anexo V: GLOSARIO:

A modo de orientación, neste apartado recolleemos os principais termos en materia de igualdade contidos nos seguintes documentos:

- a. **III Plan Estratéxico de Igualdade Entre Mulleres e Homes do Concello De Marín.**
- b. **Guía para unha linguaxe non discriminatoria, 2006. Claves para a elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino.**
- c. **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero do 2017 (www.educonvives.gal).**
- d. **Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.**

a. Glosario recollido do III Plan Estratéxico de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello De Marín:

Acción positiva: Estratexias destinadas a establecer a igualdade de oportunidades que permitan contrastar ou corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais. (Comité para a Igualdade entre Mulleres e Homes do Consello de Europa).

Acoso sexual: Comportamento de natureza sexual ou de connotacións sexistas, non desexado pola vítima, que afecta á dignidade de mulleres e homes. Inclúese, aquí no traballo, o comportamento de superiores e de colegas.

Androcentrismo: Enfoque que coloca a mirada masculina no centro do Universo, como medida de todas as cosas e representación global da humanidade, ocultando outras realidades.

Brecha de xénero. Distancia que existe entre un sexo e outro en relación co acceso ou uso dun recurso. Permite medir cuantitativamente o grao de desequilibrio e desigualdade existente.

Ciberviolencia de xénero: Violencia contra as mulleres en internet, en moitos casos adolescentes que inclúe o ciberacoso sexual e outras formas de violencia sexual dixital, cobra especial relevancia impulsada pola facilidade para facer dano, axudada por un alto grado de impunidade e as dificultades para manter a privacidade e o contacto permanente coa vítima, en forma de control.

Conciliación do Traballo e a Vida Familiar: Introducción de sistemas de permiso por razóns familiares e de permiso parental, de atención á infancia e a persoas de idade avanzada, e creación dunha estrutura e organización do entorno laboral que facilite a homes e a mulleres a combinación do traballo e das responsabilidades familiares e do fogar.

Corresponsabilidade: Reparto equitativo da responsabilidade entre homes e mulleres.

Cosificación: Acto de representar ou tratar a unha persoa como a un obxecto (unha cosa non pensante que pode ser usada como se queira). A cosificación sexual consiste en representar ou tratar a unha persoa como un obxecto sexual, ignorando as súas cualidades e habilidades intelectuais e persoais e reducíndoas a meros instrumentos para o deleite sexual de outra persoa.

Datos desagregados por sexo: Recoller e desagregar datos e de información estatística por sexo, que fai posible a análise comparativa.

Empoderamento: Proceso consciente e planificado que lle dá valor ao labor das mulleres e potencia o seu papel na sociedade, en igualdade de condicións que os homes.

Espazo privado: É o espazo e o tempo propio no que as persoas se cultivan para proxectarse logo no ámbito público. Responde á calidade de ocuparse do eu. No caso das mulleres tende a confundirse co espazo doméstico.

Espazo público: Identifícase co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica; é o lugar de participación na sociedade e do recoñecemento. Neste espazo é onde se colocaron os homes tradicionalmente.

Feminismo: Movemento social e político que se inicia formalmente a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano, da opresión, dominación, e explotación de que foron e son obxecto por parte do sistema patriarcal baixo as súas distintas fases históricas, o que move á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que requira.

LGTBfobia: Termo que se utiliza para englobar o rechazo ou medo cara ás persoas con orientacións sexuais e identidades de xénero máis minoritarias. O rechazo ás persoas gais, lesbianas, bisexuais e trans.

Machismo: Comportamento de desvalorización cara as mulleres. Responde a unha forma particular de organizar as relacións entre os xéneros. Caracterízase pola énfase na virilidade e a forza por parte dos varóns. Os procesos de socialización da cultura lexitiman a crenza na posición superior do home: o poder persoal e a autoafirmación na posesión da razón e a forza do home e a definición da muller como inferior ao seu servizo.

Mainstreaming: Fai referencia á integración da óptica de igualdade de oportunidades en tódalas políticas estatais, dende a planificación ata a execución das mesmas, e en tódolos ámbitos de actuación.

Patriarcado: Sistema familiar e social, ideolóxico e políticoco que os homes, a través da forza, a presión directa, os rituais, as tradicións, a lei, a linguaxe, os costumes, a educación e a división do traballo, determinan cal é ou non o papel que as mulleres deben interpretar co fin de estar, en toda circunstancia, sometidas ao varón.

Perspectiva de xénero: Tomar en consideración e prestar atención ás diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados dunha política.

Sexting: Consiste no envío de contidos de tipo sexual (principalmente fotografías e/ou vídeos) producidos xeralmente pola persoa remitente, a outras persoas por medio de teléfonos móbiles.

Sextorsión: É a chantaxe realizado a partir da posesión por parte da persoa que chantaxea dunha imaxe íntima. A finalidade é a obtención de cartos, o dominio da vontade da vítima o a vitimización sexual da mesma (moi común nos casos de Internet grooming o de ciberviolencia de xénero).

Transexual. Refírese a persoas nas que non coincide a súa identidade sexual, como mulleres u homes, coa identidade sexual que se lles asigna socialmente en base aos seus xenitais ou outras estruturas, así como coas percepcións que reciben das demais persoas.

Transxénero. Trátase dun termo utilizado para referirse a unha persoa cuxa identidade sentida non coincide co marcado polos seus xenitais nin outras estruturas sexantes pero, a diferenza das persoas transexuais, non consideran necesario modificar os seus xenitais e outras estruturas sexuadas.

Transversalidade: Integrar sistematicamente as situacións, prioridades e necesidades respectivas de mulleres e homes en tódalas políticas, con vistas a promover a igualdade entre homes e mulleres e recorrer a tódalas políticas e medidas xerais coa finalidade específica de lograr a igualdade, tendo en conta activa e abertamente, desde a fase de planificación, os seus efectos nas situacións respectivas dunhas e doutros cando se apliquen, supervisen e avalíen.

Violencia de Xénero: Termo acuñado na IV Conferencia Mundial da Muller celebrada en Beijing (China) en 1995 e definido como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual ou psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres, producida tanto na vida pública como privada.

Visibilizar: Acción de sacar á luz o legado das mulleres e tratar de reparar a inxustiza cometida por agachar na historiografía o seu paso e as súas achegas na historia.

Sexismo: É un comportamento individual ou colectivo non tan evidente que despreza un sexo en virtude da súa bioloxía, perpetua a dominación dos varóns e a subordinación das mulleres.

Sexo: Nas persoas refírese ás diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes e mulleres que fan posible a reprodución. Son universais e coinciden no tempo e cultura.

Xénero: Construción cultural segundo a que se lles asignan ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por ser mulleres ou homes.

b. Guía para unha linguaxe non discriminatoria, 2006. Claves para a elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino:

ANDROCENTRISMO. Enfoque ou visión, desde o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida do mundo e das cousas, ocultando e facendo invisíbel todo o demais, entre elas as achegas e contributos das mulleres á sociedade. Una visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería a universal, a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.

ACCIÓN POSITIVA. Estratexias dirixidas a un grupo social determinado destinadas a establecer a igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais, ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

ACOSO SEXUAL. Comprende todo comportamento sexual verbal ou físico, non desexado pola persoa acosada, levado a cabo en distintos espazos da vida cotiá, aproveitándose dunha situación de superioridade ou compañeirismo e que repercute nas condicións do medio facéndoas hostís, intimidatorias e humillantes. O acoso sexual é unha expresión máis das relacións de poder que exercen os homes sobre as mulleres.

ANÁLISE DE XÉNERO. Estudo das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso aos recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisións, etc., entre homes e mulleres, debidas aos roles que tradicionalmente lles asignaron.

COEDUCACIÓN. Tamén chamada educación en igualdade, vén a ser unha educación centrada nas alumnas e nos alumnos considerando a ambos os grupos en igualdade de dereitos e oportunidades. É un método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta asentando as bases no recoñecemento das potencialidades e individualidades de rapaces e rapazas, independentemente do seu sexo.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA. Situación na que se trata a unha persoa (en razón do seu sexo) dun xeito desfavorábel.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA. Situación en que unha lei, política ou acción aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

DISCRIMINACIÓN POSITIVA. Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e prever unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

EMPODERAMENTO. Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión implica tamén outra dimensión: a toma de consciencia do poder que individual e colectivamente posúen as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas.

EQUIDADE. Igualdade no trato. Equivalencia en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

ESTEREOTIPOS. Representacións xeneralizadas e culturalmente aceptadas sobre as funcións sociais e os comportamentos que homes e mulleres deben amosar.

ESPAZO DOMÉSTICO. Identifícase co espazo tradicional das mulleres, un ámbito reprodutivo, un espazo de inactividade produtiva, no cal se leva a cabo a crianza dos fillos e fillas, os afectos e o coidado das persoas dependentes.

ESPAZO PRIVADO. Refírese ao espazo propio das persoas, o tempo de lecer afastado do espazo doméstico e do público. A privacidade é unha parcela da que disfrutan principalmente os homes, e no caso das mulleres tradicionalmente tende a confundirse co doméstico, roubándolles ese espazo para si.

ESPAZO PÚBLICO. Identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica. É o lugar onde se colocaron tradicionalmente os homes.

FEMINIZACIÓN DA POBREZA. Tendencia ao aumento da incidencia e prevalencia da pobreza entre as mulleres.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

PARIDADE. Representación equitativa de homes e de mulleres en todos os ámbitos sociais, fundamentalmente nos políticos.

POLÍTICAS DE IGUALDADE. Marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

SEGREGACIÓN HORIZONTAL. Concentración de mulleres e de homes en sectores e empregos específicos.

SEGREGACIÓN VERTICAL. Concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos de postos ou responsabilidades.

SEXISMO. Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación do colectivo feminino ao masculino

SEXO - XÉNERO. O xénero representa as diferenzas sociais por oposición ás biolóxicas entre mulleres e homes (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

TEITO DE CRISTAL. Barreira invisíbel resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino, que impide as mulleres accederen a postos destacados socialmente.

TRANSVERSALIDADE. Incorporación do principio de igualdade de oportunidades a todo tipo de proxectos públicos ou privados nos diferentes ámbitos: educativo, económico, cultural, político, social...

C. Páxinas 53 a 58, principais termos en materia de igualdade, do *Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*.

ACCIÓN POSITIVA: co efecto de promover a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas. As medidas de acción positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.

ACOSO MORAL POR RAZÓN DE XÉNERO: a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo ou xénero dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

ACOSO SEXUAL: a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

COEDUCACIÓN: método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL: creación dunha estrutura e organización da contorna laboral que facilite a mulleres e a homes a combinación do traballo, as responsabilidades familiares e a vida persoal.

CORRESPONSABILIDADE: repartición equitativa das responsabilidades domésticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos cuidados é imprescindible que o tempo adicado á crianza das fillas e fillos por parte

das persoas proxenitoras sexa igual. O significado da corresponsabilidade social ten como obxectivo aumentar a implicación das persoas na repartición das responsabilidades domésticas e familiares, especialmente dos homes, para estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

DISCRIMINACIÓN: o concepto de discriminación incluírá: a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el. b) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo ou xénero. c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou permisos relacionados coa maternidade.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA: a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo ou xénero de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA: a situación en que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

EMPODERAMENTO: termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participación feminina nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. Inclúe o fortalecemento da súa posición social, económica e política e busca reducir ou eliminar as relacións de poder entre os sexos.

ESTEREOTIPO DE XÉNERO: fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as súas realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso.

FEMINISMO: movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.

FENDA DE XÉNERO: é a diferenza entre as taxas masculina e feminina na categoría dunha variable producida pola desigualdade de xénero. As máis coñecidas son:

- **FENDA SALARIAL:** diferenza relativa que existe na medida dos ingresos brutos por hora, de mulleres e homes en todos os sectores da economía.
- **FENDA DIXITAL:** diferenza no acceso e no uso das tecnoloxías da información. Fálase de 1ª fenda dixital cando se trata do acceso, 2ª fenda dixital cando se analiza o uso e a intensidade das TIC e de 3ª fenda dixital cando nos referimos a aspectos máis cualitativos como son o uso diferencial de servizos avanzados.

HOMOFOBIA: aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra mulleres ou homes homosexuais, bisexuais ou transexuais.

IDENTIDADE SEXUAL: autodefinición que a persoa fai de si mesma como pertencente a un sexo.

IDENTIDADE DE XÉNERO: autodefinición da persoa como pertencente a un dos xéneros establecidos culturalmente. Grao de asunción dos comportamentos, actitudes, etc., asociados ao devandito xénero.

IGUALDADE: en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertencen.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.

IGUALDADE DE TRATO: a igualdade de trato presupón o dereito ás mesmas condicións sociais, de seguridade, remuneracións e condicións de traballo, tanto para mulleres como para homes.

INTERSEXUAL: termo xeral que se emprega para referirse a unha variedade de condicións nas que unha persoa nace cunha variación nas características sexuais (anatomía sexual, órganos reprodutivos e/ou mapa cromosómico) que non

encaixa nas definicións pechadas de home ou muller. Pode ser algo patente no nacemento ou pode descubrirse ao longo da vida.

INVISIBILIZACIÓN: proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes e comportamentos pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso.

LINGUAXE INCLUSIVA: é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.

LINGUAXE SEXISTA: uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.

MICROMACHISMO: comportamento ou expresión “invisible ou de escasa visibilidade” da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.

MACHISMO: conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento dunha situación discriminatoria contra as mulleres e contra todas as persoas que non asumen o patrón masculino socialmente dominante.

ORIENTACIÓN SEXUAL: é a atracción emocional ou sexual que se sente cara outra persoa. Se a atracción é cara alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara a unha persoa de diferente sexo, é heterosexualidade, e atracción por persoas de ambos os sexos é chamada bisexualidade.

PATRIARCADO: sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home nos diferentes ámbitos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..

ROLES DE XÉNERO: conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.

SEGREGACIÓN LABORAL DAS MULLERES: refírese á concentración das mulleres en determinadas ocupacións e/ou familias profesionais que, xeralmente, caracterízanse por ter condicións de emprego pouco satisfactorias, baixos salarios e poucas oportunidades de formación continua e adquisición de cualificacións engadidas. A segregación pode ser horizontal, cando a concentración se produce en determinadas ocupacións/familias profesionais; e vertical, cando as mulleres se concentran en postos de baixa responsabilidade.

SEXISMO: actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero.

SEXO: conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.

SOCIALIZACIÓN: proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.

TEITO DE CRISTAL: fai referencia á barreira invisible que impide ás mulleres o mantemento ou o progreso na súa carreira profesional. É unha forma de discriminación indirecta que obstaculiza a promoción das mulleres. Entre os principais factores que manteñen o «teito de cristal» destacan os relativos a aspectos externos e interactivos como a cultura organizacional e as responsabilidades domésticas e familiares. Por tanto o «teito de cristal» está formado por unha superficie superior invisible na carreira laboral e social das mulleres, difícil de traspasar, que as impide seguir avanzando.

TOLERANCIA CERO: resolución formulada polo Parlamento Europeo en 1997, que ten como obxectivo modificar as actitudes na sociedade, de maneira que, baixo ningún concepto, se tolere ou permita a violencia contra as mulleres a nivel individual, colectivo e institucional.

TRANSEXUALIDADE: caracterízase por presentar unha discordancia entre a identidade de xénero e o sexo biolóxico.

TRANSVERSALIDADE: en coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, a comunidade educativa.

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO: integración sistemática das situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes, respectivamente, en todas as políticas e actividades, con vistas a promover a igualdade entre ambos os dous xéneros. Implica dar prioridade ao criterio de xénero en todo o que se leve a cabo.

VIOLENCIA MACHISTA: é o conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.

VIOLENCIA DE XÉNERO: termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.

XÉNERO: construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.

d. Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

Algúns termos de interese a este respecto son:

Expresión de xénero: formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.

Identidade de xénero: é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.

Identidade rexistral: é a que se fai no momento do nacemento.

Transexualidade (Trans*): é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.

Cissexualidade: é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.

Orientación sexual: é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

Anexo VI: DECÁLOGO PARA UNHA ANÁLISE DA LITERATURA INFANTIL E XUVENTIL

- Quen protagoniza a historia? Home ou muller?
- Importancia e prestixio dos personaxes femininos e masculinos.
- As tarefas domésticas quen as realiza?
- As tarefas fóra da casa e os traballos remunerados quen os realiza?
- Quen protagoniza os feitos relacionados co deporte, ciencia, tecnoloxía, aventura?
- A valentía, a forza, a toma de decisións, a ambición, o éxito social e profesional compárteno mulleres e homes?
- O medo, a dozura, as emocións, o coidado dos demais, a sensibilidade... é algo compartido ou exclusivo das mulleres?
- Nos álbums ilustrados hai diferenzas nas cores empregadas segundo aparezan homes ou mulleres?
- Os personaxes femininos seguen un modelo de beleza uniforme ou hai variedade de corpos?
- A finalidade última do personaxe feminino é atopar un home como parella?

Anexo VII: RECOMENDACIÓNS DE USO DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA (extraído da Guía para unha linguaxe non discriminatoria da Confederación Intersindical Galega)

“A lingua non é sexista, pero si o é o uso que dela facemos. A linguaxe é o medio a través do cal nos comunicamos, polo tanto reflicte o pensamento colectivo, e con el estamos a transmitir unha gran parte da forma de pensar, sentir e actuar de cada sociedade.


A través da linguaxe estamos asumindo papeis de xeito consciente e inconsciente, conformando estereotipos sexistas. O uso sexista e androcéntrico da lingua é o reflexo dunha cultura sexista e androcéntrica na que se valoran as capacidades e funcións atribuídas aos homes, pero non se recoñece o valor social das capacidades e funcións que se atribúen ás mulleres. Hai unha especie de resistencia lingüística a recoñecer o gran número de actividades desenvolvidas polas mulleres, e segue a presentarse -a través dun uso lingüístico máis que consolidado- unha imaxe desvalorizada e subordinada das mulleres con respecto aos homes.

A miúdo, incorremos en sexismo lingüístico a través do uso de formas incorrectas da linguaxe, na escolla de palabras ou estruturas discriminatorias. A linguaxe sexista exclúe as mulleres, dificulta a súa identificación ou asóciaas a valoracións negativas. O seu uso é discriminatorio e parcial, e impón barreiras arbitrarias e inxustas ao desenvolvemento persoal e colectivo.

...

No camiño cara á igualdade de mulleres e homes, a linguaxe desempeña un importante papel, e a lingua ten os recursos precisos para nomear a mulleres e homes sen ocultar a ninguén e sen alterar as estruturas do idioma. Se somos capaces de facer un uso da linguaxe adecuado, lograremos representar o xénero das persoas sen discriminacións e representacións positivas nin negativas.

En definitiva, trocando dos nosos costumes un uso discriminatorio da linguaxe, cambiaremos a nosa concepción da realidade...”


 Centro de
 formación e recursos

Rúa Celso Emilio Ferreiro 4
 36005

T +34 986 872 888
 F +34 986 872 177

cfr.pontevedra@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra

MALETA TRABALLANDO A IGUALDADE (PRIMARIA)

Nº	Denominación	Referencia
1	CUENTOS EN VERSO PARA NIÑOS PERVERSOS	978-84-204-8293-4
2	CANTO TE QUERO PROFE	978-84-92644-50-6
3	IRIÑA BAILARINA	978-84-92644-52-0
4	O PAIS DOS MANDONS	978-84-92644-16-2
5	ARTUR E CLEMENTINA	978-84-8464-785-0
6	O LIBRO DOS PORCOS	978-84-8464-571-9
7	A FAMILIA	978-84-8464-740-9
8	ONCE DAMAS ATREVIDAS	978-84-8464-085-1
9	GRISELA	978-84-8464-293-0
10	CON TANGO SON TRES (ESPAÑOL)	978-84-8464-984-7
11	UNHA CHEA DE FAMILIAS	978-84-9865-169-0
12	O SEGREDO DE FLORA	978-84-92644-15-5
13	VELLIÑAS	978-84-9871-150-9
14	RANILDA	978-84-9871-284-3
15	ATE AS PRINCESAS SOLTAN PEIDOS	978-84-9142-065-1
16	A PRINCESA SABELA	978-84-9914-212-8
17	EN FAMILIA	978-84-945896-8-3
18	UNHA PARELLA DIFERENTE	978-84-8464-289-3
19	UNHA FELIZ CATÁSTROFE	978-84-8464-888-8
20	A HISTORIA DOS BONOBOBOS CON LENTES	978-84-8464-832-1
21	USHA	978-84-9782-442-2
22	P DE PAPA	978-84-8464-690-7
23	GALOFOGUETE	978-84-617-6445-7
24	CUENTOS DE BUENAS NOCHES PARA NIÑAS REBELDES	978-84-08-17611-4
25	UNA PRINCESA EN MOTOCICLETA	978-84-612-6143-7
26	NO SOY PERFECTA	978-84-15-20825-9
27	ROSA CARAMELO (GALEGO)	978-84-8464-799-7
28	TIPOS DUROS (TAMBIEN TIENEN SENTIMIENTOS)	978-84-16-54227-7
29	CROCODILO NAMORADO	978-84-8464-288-6
30	SIR NENUFAR UNA GRAN HISTORIA DE UNA RANA DIMINUTA	978-84-9801-865-3




Centro de
formación e recursos

Rúa Celso Emilio Ferreiro 4
36005

T +34 986 872 888
F +34 986 872 177

cfr.pontevedra@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra

31	UN RONSEL DE ARDORA . PEQUENA BIOGRAFIA DE ANGELES ALVARIÑO	978-84-946043-0-0
32	ERANSE DUAS VECES A BELA E A BESTA	978-84-944887-9-5
33	EL BELLO DURMIENTE	978-84-7647-095-4
34	LA VACA QUE SE SUBIO A UN ARBOL	978-84-16-11738-3
35	LA CENICIENTA QUE NO QUERIA COMER PERDICES	978-84-08-08864-6
36	LA VACA QUE PUSO UN HUEVO	978-84-7901-561-9



Centro de formación
e recursos

Rúa Celso Emilio Ferreiro 4 T +34 986 872 888
36005 F +34 986 872 177

cfr.pontevedra@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

MALETA DE IGUALDADE (RECURSOS PROFESORADO)

Nº	Título	Autor/a	Exemplares Formato papel	Exemplares Formato electrónico
1,2	A idade da inocencia	Edith Wharton	2	
3,4	A dama solitaria & Fantomina	Eliza Haywood	2	
5,6	Historia das mulleres en Galicia Prehistoria. Historia Antiga	Mar Liñares García	2	
7,8	Historia das mulleres en Galicia. Idade Media	Carmen Pallares Méndez	2	
9,10	Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna	Ofelia Rey Castelao Serrana Rial García	2	
11,12	Historia das mulleres en Galicia. Época Contemporánea	Herminia Pernas Oroza	2	
13,14	As que comen silencios, as que toman a palabra		2	
15	Fíos violeta	María Hermelo Iglesias	1 + DVD	Si
16	Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria II		1	Si
17	A escaleira desigual. A condesa	Manuel Castelao	1 + DVD	Si
18	María Wonenburger. Unha científica adiantada ao seu tempo	M.ª José Souto Salorio Ana Dorotea Tarrío Tobar	1	Si
19	Cartas de amor: 15 artistas contra a violencia de xénero	Gloria Isabel Serrato Azat	1	Si
20,21	Mulleres científicas		2	
22	Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na administración		1	
23,24	Máis aló do azul e do rosa. Como prever a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia	Ana Torres	2	
25,26	Guía para a xestión de proxectos coeducativos		2	
27,28	Furacazolos e Botaborrallas	Isabel Fidalgo Suárez	2	
29	Elas teñen a palabra		1	
30,31	Iguais ante todo. Iguais para todo			2 CD
32,33	O Meniño Nito: Entón, os homes choran ou non?			2 DVD
34,35,36	A violencia de xénero...dille NON		3 Folleto	
37,38	Guía para o voluntariado en violencia de xénero		2 Guía	
39,40	Tips para a túa seguridade		2 Tríptico	
41,42,43	Preguntas máis frecuentes		3 Tríptico	
44,45,46	Mostras de carteis de cine/Violencia de Xénero		3 Tríptico	
47,48,49	Indicacións para detectar o sexismo na Publicidade		3 Folleto	

50	Cuadernos de educación no sexista			1 CD
51	Nombrar en femenino y en masculino			1 CD
52	Estudios sobre mujeres en la educación			1 CD
53	Prevenir la violencia contra las mujeres construyendo la igualdad			1 DVD
54,55	Arriba ou abaixo? Calendario 2018 contra a explotación sexual			1 DVD
56	Carteleira da Secretaría Xeral de Igualdade			